

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO 25 DE XUÑO DE 2007

1.- Proposta da alcaldía relativa a delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local.

Apróbase a proposta

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

1845/06.- José A. Parrado Munín.- Viv. unif. en Chouciño, Eixo de Abaixo, Sta. Lucía.-

1397/07.- José Mussach Gómez.- Construcción dun muro de contención na R/ García Prieto núm.46-48, parte posterior.-

2327/06.- Urban Servicios Inmobiliarios, S.L.- Instalación dunha grúa torre na parcela sita na R/ Eira Vedra núm.72, Lugar de Outeiro.-

CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA E PRÓRROGA.-

800/07.- Pablo Arberto Marcote Antelo.- Viv. unif. en Lugar de Casas do Monte, parcela 4 (+).-

PRÓRROGA.-

973/07.- Juan José Martínez Bello.- Viv.unif. en Aríns (+).-

DEVOLUCIÓN FIANZAS.-

899/07.- Alfonso López Bao.-Expte...1070/07.....5.770 €-

1253/07.- Olegario Garabal Piñeiro.-..... .Expte...1217/05.....5.000 €-

273/07.- Rafael Souto Carlín.-.....Expte...659/93.....360.000 ptas (2.163,64 €).-

272/07.- Rafael Souto Carlín.-.....Expte..911/91.....300.000 ptas (1.803,03 €).-

927/07.- Hermanos Lago Rios, S.L.-.....Expte..1692/06.....6.000 €-

910/07.- Manuel Lourenco Garrido.-.....Expte..358/06.....4.000 €-

436/07.- Plavimundo, S.L.-Expte..1753/03.....25.000 €-

1212/07.- Dozon Ute.- Mantemento e arranxo dos camiños municipais utilizados para o tráfico das obras da autopista Santiago a Ourense.....16.700.000 ptas (100.369,02 €).-

458/07.-Marta Codesido Martínez.-Expte..828/03.....1.500 €-

84/07.- Fernando López de los Ríos.-Expte.1204/01.....5.409,11 €-

527/07.-Alfredo Soto Casal.-Expte garantía urbanización da UA 17B do Plan Especial 1, (Hortas-Pombal).-.....14.347.897 ptas..... (82.232,60 €).-

5.- Concurso para o Subministro, mediante leasing, dun vehículo ambulancia para o Concello de Santiago.

Acórdase deixar deserto o concurso, por non recibirse ningunha oferta para esta licitación.

6.- Adxudicación do Subministro dun módulo software para a adaptación da xestión de expedientes AUPAC e a súa utilización polo departamento de Asistencia a Plenos.

Adxudícase o subministro, por un importe de 10.159 euros, a GRUPO MEANA, SA.

7.- Adxudicación da Impartición de obradoiros de movemento e expresión corporal, relaxación creativa e masaxe sensitivo e respiración e movemento terapéutico en distintos locais socioculturais e asociacións veciñais.

Apróbase a adxudicación a ASOCIACIÓN TURMALINA DE ACTIVIDADES BIO-CULTURALES, por un importe de 7.170 euros.

8.- Adxudicación do Subministro de uniformes para 3 axentes da Policía Local de novo ingreso.

Adxudícase o subministro á empresa PEYCAR, por un importe de 7.117 euros.

9.- Adxudicación do Subministro de equipamento IBERCOM para as centraliñas telefónicas do Concello.

Adxudícase o subministro á empresa TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U, por un importe de 11.900 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de transportes relativa á solicitude ao Ministerio de Economía e Facenda da subvención anual ao transporte urbano.

Apróbase solicitar a devandita subvención.

11 a 15.- Propostas da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación definitiva de axudas para vivendas e locais comerciais no Casco Histórico (Expediente: A94-244).

Apróbase definitivamente seis vivendas e dous locais comerciais. Son as seguintes:

-Vivenda, na rúa Travesa, 19, por importe de 8.365 euros.

- Vivenda, na rúa dos Lagartos, 9, por 4.786 euros.

- Catro vivendas, na rúa das Oblatas, 8 (2.592 euros); na rúa das Carretas, 9 (18.394); na rúa de San Francisco, 34 (16.023 euros); e na rúa dos Truques, 1 (11.540 euros).

- Local comercial, na Algalia de Arriba, 22, por 5.542 euros.

- Local comercial, na rúa de San Francisco, 34, por 6.441 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial da modificación puntual do Estudio de detalle e nova conta de liquidación de gastos na unidade de xestión número 16 (UX-16) de Santas Mariñas.

Apróbase a modificación do Estudio de detalle e a nova conta de liquidación de cotas, axustadas ás edificabilidades e cotas de participación resultantes da devandita modificación do Estudo.

17.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Proxecto de reparcelación do solo urbanizable non programado número 37, 3º sector (SUNP-37.3) de Costa Vella.

Apróbase inicialmente o proxecto de reparcelación e o seu sometemento a información pública durante o prazo de 20 días.

A superficie total é de 167.309,28 metros cadrados.

A superficie edificable total permitida polo Plan é de 83.649,06 m²c, dos que 39.494,06 son de uso industrial, 13.280 de uso terciario, e 30.875 de uso terciario.

18.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación da constitución da Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.

Apróbase a constitución da Xunta de Compensación, a notificación do acordo aos propietarios e a súa remisión á Dirección Xeral de Urbanismo.

19.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do proxecto de parcelación do solo urbanizable non programado número 9 (SUNP-9) de Belvís.

Apróbase o proxecto de parcelación e requírese ao IGVS que proceda a tramitar a inscrición no Rexistro da Propiedade das parcelas de cesión obrigatoria a favor do Concello de Santiago.

20.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do proxecto de reparación de actos vandálicos na urbanización do solo urbanizable non programado número 9 (SUNP-9) de Belvís.

Apróbase o proxecto de reparación de actos vandálicos na urbanización do SUNP-9, segundo o documento presentado polo IGVS. As obras de reparación consisten, basicamente, en limpeza e saneado de muros de mamapostería; reconstrución de muros, construción de soleiras de formigón como base de pavimentos graníticos; reconstrución, restauración, limpeza e pintado de templete; limpeza e tratado do grafito; reposición e tratamento de exemplares arbóreos; preparación de pradería de céspede; reposición de elementos metálicos e de madeira; construción de peches metálicos; substitución e reparación de elementos graníticos, e substitución de balizas deterioradas e reposición de cables.

21.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para designar ao arquitecto supervisor das obras de execución do Proxecto básico e de execución de Rehabilitación da Casa de Brandía para Centro Sociocultural en Vidán (fase II).

Acórdase nomear a Enrique Seoane Prado como arquitecto municipal responsable da supervisión da execución das devanditas obras.

22.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto de expropiación do solo urbanizable número 12 (SUNP-12) de Lamas de Abade.

Apróbase o inicio do procedemento de expropiación forzosa e a relación de bens e dereitos nel incluídos, así coma o sometemento do proxecto a información pública polo prazo dun mes e a notificación individual aos titulares de bens e dereitos para que formulen as súas alegacións.

O orzamento para executar a expropiación é de 8.088.018,09 euros.

23.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á agrupación das parcelas 98-99 do solo urbanizable non programado número 37 (SUNP-37) de Costa Vella.

Acórdase agrupar as devanditas parcelas nunha única, de 2.862 metros cadrados.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa a xustificación dun convenio.

Apróbase o pagamento do importe de 7.000 euros correspondente á aportación coa que a Concellaría de Cultura colabora no desenvolvemento do convenio coa Federación de Libreiros de Galicia.

25.- Proposta da concelleira delegada de Política Lingüística relativa a solicitude de subvención á Consellería da Presidencia, Administración Pública e Xustiza para a normalización da lingua galega ás Entidades Públicas Locais de Galicia.

Acórdase solicitar a devandita subvención por un importe de 142.558 euros.

26.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Deputación Provincial da Coruña para a realización de actuacións musicais.

Dáse conta dunha serie de actuacións musicais e teatrais concedidas dentro da Rede Cultural da Deputación para o ano 2007. Trátase de 10 actuacións, cun custo total de 52.463 euros, dos que a Deputación achega 36.376 euros e o Concello 16.086 euros.

27.- Dar conta da concesión dunha subvención polo Instituto Nacional de Administración Pública para o desenvolvemento do Plan de Formación Continua 2007.

Dáse conta da devandita subvención, por un importe de 15.223 euros.

28.- Dar conta da concesión dunha subvención pola Federación Galega de Municipios e Provincias para financiar o mantemento dos servizos lingüísticos municipais.

Dáse conta de devandita subvención, por un importe de 13.600 euros.

29.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Universidade de Santiago sobre a convocatoria, tramitación e concesión do premio Xohana Torres.

Dáse conta do devandito convenio.

30.- Dar conta do cambio de denominación dunha empresa a efectos das relacións xurídicas co Concello.

Dáse conta do devandito cambio.

URXENCIAS

1.- Adxudícanse as obras do Plan de Prevención de incendios forestais á empresa CESPA, por un importe de 59.375.

2.- Adxudícase a prórroga da xesión da Casa de Acollida á empresa CLECE ata o 31 de decembro de 2007.